

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 26 DE XULLO DE 2019,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade, a prol do Concello de Vilagarcía de Arousa, dun treito da estrada PO-549 e da rotonda denominada Glorieta da Mariña Española.

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Decreto polo que se declaran ben de interese cultural nove esculturas atribuídas ao Mestre Mateo procedentes da desaparecida portada occidental da catedral de Santiago de Compostela.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Acordo polo que se modifican os límites establecidos para compromisos plurianuais en relación coa licitación da obra de construción dun centro de saúde en Bouzas, Vigo, que tramita o Servizo Galego de Saúde.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Acordo polo que se aproba o texto do proxecto de decreto de inspección ambiental de Galicia, para os efectos do seu sometemento ao ditame do Consello Consultivo de Galicia.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se aproba o expediente e, definitivamente, o anteproxecto Novo emisario submarino da estación depuradora de augas residuais de Praceres, na ría de Pontevedra. Concello de Pontevedra. Clave OH.336.1129. Xuño 2019, de



acordo co disposto no artigo 29.3 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de Augas de Galicia.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza o compromiso de gastos de carácter plurianual, se autoriza a superar as porcentaxes de pagamentos anticipados e se exime de constitución de garantías nos pagamentos anticipados e conta da convocatoria á das axudas do Igape para a incorporación de novos titulados a actividades de mellora competitiva das empresas (Programa Profesionais 4.0), cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, no marco do programa operativo FSE Galicia 2014-2020, por un importe total de dous millóns de euros (2.000.000,00 €).

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL

- Acordo polo que se autoriza a sinatura da addenda ao convenio de cooperación entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e a Organización Nacional de Cegos Españóis (ONCE), para o establecemento de medidas encamiñadas á atención das persoas con discapacidade visual para o curso escolar 2019/2020, por un importe de douscentos trinta mil douscentos vinte e sete euros con oitenta e cinco céntimos (230.227,85€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e a Universidade de Santiago de Compostela (USC) para o desenvolvemento de accións estratéxicas de I+D+I 2019-2020, por un importe total de catro millóns cincocentos dez mil setecentos setenta e un euros (4.510.771,00€).

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e a Christian-Albrechts-Universität zu Kiel (Alemaña) para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de sesenta e tres mil novecentos setenta e seis euros con trinta e dous céntimos (63.976,32€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e a Ruprecht-Karls-Universität Heidelberg (Alemaña) para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de setenta e cinco mil euros (75.000,00€).

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o Instituto para a Calidade Turística Española para o proxecto "Galicia: Apostando pola calidade", por importe total de douscentos cincuenta mil euros (250.000,00€).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que aproba definitivamente o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal de reforma e ampliación do Hospital Gran Montecelo.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Política Social a adquirir compromisos de gasto de carácter plurianual na Orde pola que se establecen as bases que rexerán a concesión de subvencións a corporacións locais para programas de emerxencia social e a inclusión social da poboación xitana, inmigrante e outras persoas en risco de exclusión, e se procede á súa convocatoria para os anos 2019 a 2021 (cofinanciada polo Fondo Social Europeo no marco dos programas operativos FSE Galicia 2014/2020. Importe total: cinco millóns cincocentos setenta e cinco mil novecentos euros (5.575.900,00€).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, a Axencia de Turismo de Galicia, o Instituto Galego de Promoción Económica e a Fundación Juana de Vega, para a elaboración da estratexia de dinamización económica, territorial e turística das comarcas vitivinícolas de Galicia por un importe de trescentos oitenta e oito mil douscentos sesenta e tres euros con vinte céntimos (388.263,20 €).

INFORMES

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre o Programa galego para a detección precoz do cancro de colon.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Informe sobre a aprobación do Plan de atención ás persoas sen fogar en Galicia 2019-2023.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA AO CONCELLO DE VILAGARCÍA DUN TREITO DA ESTRADA PO-549 E DA GLORIETA DA MARIÑA ESPAÑOLA

- *Trátase dun treito cunha lonxitude de 710 metros ata a glorieta de Pablo Picasso*
- *Os cambios de titularidade tramítanse conforme coa Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación mediante decreto do Goberno galego por proposta do Departamento de Infraestruturas da Xunta*
- *Coa transferencia, o Concello asume a responsabilidade da conservación do treito e poderá actuar de modo acorde coas súas características*
- *A entrega do treito formalizarase mediante a sinatura da acta de entrega, no prazo dos dous meses seguintes á publicación do decreto no Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a transferencia ao Concello de Vilagarcía de Arousa dun treito da estrada de titularidade autonómica PO-549, completamente integrado no tecido urbano, así como da rotonda denominada Glorieta da Mariña Española.

O Concello de Vilagarcía manifestou ao Departamento de Infraestruturas da Xunta o seu interese polo cambio de titularidade dun treito de aproximadamente 710 metros de lonxitude, entre os puntos quilométricos 0 e 0+710, que se corresponde co treito entre a glorieta da Mariña Española e a glorieta de Pablo Picasso, na estrada N-640. Os servizos competentes da Axencia Galega de Infraestruturas emitiron informe favorablemente.

A transferencia a prol do concello pontevedrés deste treito do viario autonómico tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que debe ser aprobado mediante decreto da Xunta, por proposta da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade como competente en materia de estradas.

Co cambio de titularidade aprobado hoxe polo Executivo autonómico, o Concello de Vilagarcía de Arousa terá a competencia para actuar nesta vía e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

A entrega do treito formalizarase mediante a sinatura da acta de entrega, no prazo dos dous meses seguintes á publicación do decreto no Diario Oficial de Galicia.

No seguinte plano amósase o treito que se transfire:



INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta



A XUNTA DE GALICIA DECLARA BIC AS DÚAS ESTATUAS MATEANAS PROPIEDAD DA FAMILIA FRANCO

- *Faino dentro do decreto aprobado esta mañá, que afecta as nove esculturas conservadas da primitiva fachada medieval da catedral compostelá*
- *Cada unha delas gozará, de aquí en diante, da consideración de elemento sobranceiro do patrimonio cultural polo seu significado e a xenialidade do seu autor*

O Consello da Xunta aproba declarar ben de interese cultural nove esculturas atribuídas ao Mestre Mateo e ao seu obradoiro procedentes da desaparecida portada exterior occidental da catedral de Santiago de Compostela, dúas das cales, aquelas que representan os profetas identificados con Abraham ou Xeremías, e Isaac ou Ezequiel, pertencen na actualidade á familia Franco. A declaración de cada unha das obras inscribírase de xeito individual no Rexistro de Bens de Interese Cultural de Galicia e comunicárase ao Rexistro Xeral de Bens de Interese Cultural da Administración Xeral do Estado.

A tramitación deste expediente non recibiu alegacións no período de información pública e contou cos informes favorables, en relación co carácter sobranceiro das pezas, da Real Academia de Belas Artes Nosa Señora do Rosario, do Consello da Cultura Galega e do Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento; segundo estes, os devanditos elementos escultóricos acreditan valor suficiente para seren declarados bens de interese cultural e, polo tanto, contarán co máximo nivel de protección e tutela previsto na lexislación vixente.

Como a súa orixe é diversa, a proposta consiste en decláralas de xeito individual e non como colección, de xeito que, de aquí en diante, cada unha delas gozará da consideración de elemento sobranceiro do patrimonio cultural galego polo seu significado, a súa procedencia, as súas particularidades e a xenialidade acreditada do seu autor. Así mesmo, cómpre lembrar que a declaración de BIC é un recoñecemento de valor cultural que non afecta a titularidade do ben e que supón para os seus propietarios o deber de habilitar un mínimo de catro días de visita ao mes.

Pezas recoñecidas e en bo estado

Trátase dunha serie de nove pezas e figuras románicas ben coñecidas e que gozan de notoriedade pública tras a exposición monográfica dedicada ao Mestre Mateo no Museo del Prado, unha mostra promovida polo propio centro madrileño, pola Real Academia Galega de Belas Artes e pola Fundación Catedral de Santiago, que contou coa colaboración da Xunta de Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

As esculturas teñen unha cronoloxía comprendida entre o ano 1188 e o 1211. Dúas delas representan o Rei David e o Rei Salomón, mentres que outras se asocian con Abraham ou Xeremías, con Isaac ou Ezequiel, con Enoc, con Elías, cun rei bíblico, Fernando II de León ou Santiago *Miles Christi*, e co profeta Malaquías. Unha última peza queda descrita de xeito xenérico como cabeza de estatua e columna. Os bens artísticos incluídos están tanto en mans particulares como custodiados en institucións públicas da categoría do Museo da Catedral de Santiago ou do Museo de Pontevedra.

O estado de conservación é desigual en relación co diferente destino que tiveron despois de variar a súa posición orixinal, pero na actualidade, como resultado dos procesos de restauración realizados de forma previa á súa exposición pública no marco da antedita mostra, amosan un bo estado de mantemento xeral.

O contexto das pezas

Na Idade Media os artistas traballaban agrupados nos gremios e formaban parte dun obradoiro formado polo mestre que dirixía o obradoiro e coordinaba os seus axudantes. Por tanto, con respecto á autoría das pezas, estamos a falar do Mestre Mateo como director dun grande equipo que foi capaz de desenvolver o seu proxecto para a catedral nun prazo de algo máis de corenta anos (1168-1211).

En concreto, Mateo foi o artífice na catedral compostelá do principal conxunto escultórico medieval dos Camiños de Santiago, que ten como colofón o Pórtico da Gloria e aglutina coñecementos técnicos, artísticos, teolóxicos, musicais e simbólicos do seu tempo, para crear un espazo harmónico de gran refinamento espacial e plástico que non coñece igual até o Renacemento italiano.

Neste sentido, antes da modificación da fachada occidental no 1521 e a súa substitución definitiva a mediados do século XVIII pola actual do Obradoiro, o pórtico tería cara ao exterior un nártex moi pouco coñecido ata o de agora, cuxo programa escultórico completaba a súa mensaxe e do que conservamos unha pequena serie de esculturas, que outrora terían unha colocación similar á das estatuas-columna da parte interior do Pórtico.

A serie de esculturas, que outrora formaban parte da figuración monumental que Mateo propón para a entrada occidental da catedral de Santiago, aínda que estean fóra do seu contexto orixinal, permiten a identificación do proxecto arquitectónico da basílica compostelá. Trátase dunhas obras que implicaron un profundo cambio no templo durante o seu proceso construtivo, que lle outorgaron personalidade ao conxunto da obra e completaron a mensaxe do Pórtico da Gloria.

O CONSELLO DA XUNTA HABILITA O CRÉDITO NECESARIO PARA A CONSTRUCCIÓN DUN NOVO CENTRO DE SAÚDE EN BOUZAS, NO CONCELLO DE VIGO, MEDIANTE UN INVESTIMENTO DE 1,3 MILLÓNS DE EUROS

- *A Axencia Galega de Infraestruturas licitará nas vindeiras semanas as obras do novo equipamento sanitario, preparado para dar servizo a 10.000 usuarios*
- *A construción procurará a máxima integración coa contorna mediante a reprodución do volume das construcións históricas das parcelas, hoxe practicamente desaparecidas*
- *O centro de saúde contará con tres consultas de medicina xeral, tres de enfermaría e unha sala polivalente*

O Consello da Xunta habilitou hoxe o crédito necesario para a construción dun novo centro de saúde no barrio de Bouzas, no concello de Vigo, mediante un investimento autonómico de 1,3 millóns de euros.

Deste xeito, a Axencia Galga de Infraestruturas licitará nas vindeiras semanas as obras deste novo equipamento sanitario, que estará dimensionado para dar servizo a 10.000 usuarios.

O obxectivo do Goberno galego é que os traballos e construción estean rematados a finais do vindeiro ano 2020.

O centro de saúde de Bouzas estará situado nas inmediacións da Alameda, entre as rúas Suárez Llanos e Ferreiros. Para a súa execución procurárase a máxima integración na contorna de acordo co establecido no Plan especial de reforma interior dese ámbito e mediante o mantemento e reprodución do volume e dos elementos característicos das construcións históricas que ocupaban as parcelas e que na actualidade se atopan practicamente desaparecidas.

Por ese motivo, o centro de saúde constará de dous volumes construtivos, con dúas plantas cada un, que sumarán unha superficie total de 860 metros cadrados e que se comunicarán mediante unha galería. Estará equipado con tres consultas de medicina xeral, tres de enfermaría e unha sala polivalente.

O novo centro de saúde ten por finalidade atender as necesidades de medicina xeral dos veciños do barrio de Bouzas, que actualmente reciben asistencia nos ambulatorios da rúa López Mora, Beiramar ou Navia.

O de Bouzas é un dos 20 novos centros de saúde planificados pola Consellería de Sanidade dentro dun programa de infraestruturas sanitarias que se atopa en pleno desenvolvemento.

Imaxe do futuro centro de saúde de Bouzas:



GALICIA AVANZA UN PASO MÁIS PARA REFORZAR A POLÍTICA DE INSPECCIÓN AMBIENTAL QUE SE CARACTERIZARÁ POR SER INTEGRADA E PREVENTIVA

- *A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda eleva ao Consello da Xunta o Decreto polo que se regulará a actividade da inspección ambiental, para solicitar ditame do Consello Consultivo de Galicia*
- *Ademais de recoller a necesidade de elaborar plans e programas de inspección, tamén se prevé a redacción dunha memoria anual na que se analicen as actuacións, así como a súa divulgación e difusión*
- *Este novo decreto vén de actualizar a norma anterior, que tras máis de 20 anos de vixencia, quedou obsoleta e caduca, tanto en relación coa normativa comunitaria como coa estatal*

A Comunidade galega reforzará a súa política de inspección ambiental que se caracterizará por ser integrada, deixando atrás a concepción sectorial, e cunha clara función preventiva. O Consello da Xunta, na súa reunión desta mañá, deu o visto e prace para trasladar ao Consello Consultivo de Galicia o Decreto que regulará a Inspección Ambiental en Galicia, un documento que regula a planificación, organización e desenvolvemento da propia inspección ambiental, así como a consideración que debe ter o persoal inspector.

Na actualidade, en Galicia a normativa actual vixente é a Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental da Comunidade Autónoma de Galicia, o Decreto 156/1995, do 3 de xuño, polo que se regula a inspección ambiental, e a Orde do 30 de maio de 1996, pola que se regula o exercicio da inspección ambiental única e a tramitación das denuncias ambientais. Así, tras máis de 20 anos de vixencia, a norma quedou totalmente obsoleta e desactualizada, tanto en relación coa normativa comunitaria e estatal como respecto á organización e funcionamento actual da propia inspección ambiental de Galicia.

Hoxe en día, organízase desde un punto de vista sectorial, mentres que co novo decreto se pretende impulsar unha inspección integrada, de modo que o ámbito da inspección son todas as materias ambientais. Asemade, introdúcese a función preventiva á normativa actual que complementa o seu enfoque coercitivo, centrándose non só na comprobación das posibles infraccións e danos xa producidos senón tamén en implantar unha cultura preventiva, é dicir, adoptar medidas que eviten os danos ambientais.

O decreto está formado por 31 artigos divididos en tres títulos, unha disposición derogatoria e dúas disposicións derradeiras e pretende ser unha normativa máis clara, eficaz e transparente, que facilite -tanto á Administración como aos interesados-

instrumentos áxiles para acadar un uso sustentable do medio e unha adecuada utilización racional dos recursos naturais, incidindo na prevención e reparación dos danos eventuais danos ambientais.

Así, establécese a necesidade de elaborar plans e programas de inspección ambiental, así como o seu contido e vixencia, e de redactar unha memoria anual na que se avalíen as actuacións inspectoras realizadas, impondo a obriga de dar publicidade tanto a estes documentos como aos modelos de actas de inspección e de denuncia ambiental previstos nesta norma.

Con esta nova normativa, o Goberno galego pretende salvagardar os importantes valores ambientais presentes na nosa Comunidade Autónoma e garantir un axeitado estado de conservación do ambiente presente en Galicia.

Experiencia piloto

Cómpre lembrar que no ano 2015 a Xunta de Galicia elaborou un manual de inspección ambiental de Galicia, co obxectivo de contar cunha guía clara e específica da inspección ambiental, que abordase a organización, o funcionamento, os procedementos e as ferramentas que deberían utilizar os inspectores ambientais.

Deste xeito, acadouse uniformar e coordinar o traballo dos diferentes servizos que comprenden a inspección ambiental e a súa coordinación con outros organismos colaboradores para evitar duplicidades de actuación.

O contido deste manual xa está adecuado ás previsións da normativa comunitaria e estatal e recolle de modo actualizado a organización da inspección ambiental de Galicia, cuestión que, con todo, non ten reflexo na normativa reguladora (Decreto 156/1995) e que agora se resolve coa aprobación deste novo decreto.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O ANTEPROXECTO DE NOVO EMISARIO SUBMARINO DA ESTACIÓN DEPURADORA DE PRACERES, NA RÍA DE PONTEVEDRA, NO QUE A XUNTA INVESTIRÁ MÁIS DE 12 MILLÓNS DE EUROS

- *Esta infraestrutura forma parte das intervencións de mellora de saneamento e depuración declaradas de interese da comunidade autónoma e fai necesaria a adaptación do planeamento urbanístico municipal*
- *A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade licitará nas vindeiras semanas as obras de construción desta infraestrutura*
- *Suporá a obra terrestre de execución da cámara de carga e da estación de bombeo e o emisario submarino*
- *O proxecto ratificado hoxe atende as suxestións formuladas no proceso de información pública, deixando libre a fachada litoral e evitando a afección aos bancos marisqueiros a pé de Praceres*
- *Paralelamente a esta actuación, Augas de Galicia está en proceso de adxudicación das obras de mellora da EDAR de Praceres, que contan cun orzamento de máis de 16,5 millóns de euros*
- *Estas actuacións están recollidas no Plan de saneamento local da ría de Pontevedra, que identifica tamén as actuacións que os concellos deben acometer nas redes de saneamento municipal*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o anteproxecto do novo emisario submarino da Estación Depuradora de Augas Residuais (EDAR) de Praceres, na ría de Pontevedra, o que lle permite á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade seguir avanzando de cara á contratación desta obra hidráulica no municipio pontevedrés.

O novo emisario submarino forma parte das intervencións de mellora de saneamento e depuración no sistema de Pontevedra, declaradas de interese da comunidade autónoma no Plan hidrolóxico da demarcación hidrográfica Galicia-Costa, e exige o preceptivo acordo do Executivo autonómico ao supor a adaptación do planeamento urbanístico municipal.

A obra hidráulica recollida no anteproxecto do novo emisario submarino da EDAR de Praceres dispón dun orzamento de máis de 12 millóns de euros, e está cofinanciado pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional nun 80%, no marco do programa operativo FEDER Galicia 2014/2020.

Esta actuación, que está dimensionada para dar servizo a unha poboación estimada de 141.204 habitantes equivalentes para o ano horizonte 2042, pódese dividir en dúas principais: a obra terrestre, que se corresponde coa execución da cámara de carga e estación de bombeo a emisario, e o emisario submarino.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

O anteproxecto aprobado hoxe polo Executivo autonómico incorpora varias modificacións co fin de dar solución ás cuestións suxeridas no proceso de información pública. Así, modifícase a localización da cámara de carga e da estación de bombeo a fin de reducir o seu impacto visual, deixando libre a fachada litoral, e tamén se incrementa a lonxitude do

tramo inicial no túnel do emisario co fin de non afectar os bancos marisqueiros a pé de Praceres, sen que esta medida implique un incremento do volume de escavación.

O saneamento da ría de Pontevedra é unha das principais prioridades do Goberno galego para os próximos anos en materia de actuacións hidráulicas. O programa de actuacións que está en desenvolvemento na ría xorde dun proceso de planificación que se leva a cabo dende o ano 2016. Esta planificación lévase a cabo coa redacción do plan de saneamento da ría de Pontevedra, que ten un custo de máis dun millón de euros.

O Plan de saneamento local da ría de Pontevedra identifica tamén as actuacións que os concellos deben acometer nas redes de saneamento municipal.

Paralelamente a esta actuación cabe destacar que a Xunta xa ten licitadas as obras de mellora do proceso de depuración da EDAR Residuais de Praceres, que contan cun orzamento de máis de 16,5 millóns de euros, e que permitirán acadar un tratamento axeitado para as augas residuais de todos os concellos conectados.

Con estas actuacións o Goberno galego segue a traballar na recuperación de zonas degradadas pola contaminación da costa, que redundan na mellora da calidade de vida da poboación asentada arredor da ría de Pontevedra, aumentan a competitividade económica e fomento do turismo e melloran a produtividade no sector marisqueiro.

GALICIA PROMOVE UN PROGRAMA PIONEIRO PARA IMPULSAR A INDUSTRIA 4.0 A TRAVÉS DA CONTRATACIÓN DE 140 MOZOS E MOZAS MENORES DE 35 ANOS

- *Cun orzamento de dous millóns de euros por parte da Xunta, a nova iniciativa Profesionais 4.0 permitirá especializarse e acceder ao mercado laboral a persoas con titulación universitaria ou de técnico superior de FP*
- *Desenvolverán en empresas e asociacións empresariais proxectos vinculados a áreas como a optimización financeira, a mellora da produción, a dixitalización e o emprendemento*
- *Enmárcase na nova Axenda 4.0, que busca a mellora competitiva do tecido empresarial e para cuxo desenvolvemento a Consellería de Economía, Emprego e Industria destinará 350 millóns de euros durante os próximos catro anos (2019-2022)*
- *Complementa programas para favorecer a retención de talento na Comunidade como o Principia, cuxa cuarta edición permitiu contratar 110 mozos e mozas para a realización de actividades de I+D+i en 77 empresas e organismos de investigación*

A Consellería de Economía, Emprego e Industria impulsará, a través do Igape, a especialización e o acceso ao mundo laboral de 140 mozos e mozas menores de 35 anos con titulación universitaria ou de técnico superior de formación profesional (FP). Será mediante a convocatoria do novo programa Profesionais 4.0, aprobado hoxe polo Consello da Xunta. A través desta liña de axudas, dotada con dous millóns de euros, incentivarase a contratación e a formación destes profesionais por parte das empresas, autónomos con dous ou máis empregados e as asociacións, fundacións ou clústeres, para a realización de plans que garantan o seu avance competitivo no eido da Industria 4.0.

As iniciativas de mellora poderán desenvolverse en áreas tan variadas como a optimización financeira, a profesionalización da produción e a cadea loxística, o desenvolvemento de procesos e sistemas de xestión da calidade, a identificación e posta en marcha de redes de cooperación e socios, a aposta polo capital humano, o asesoramento integral ao proceso emprendedor, a dixitalización ou creación de contidos dixitais e a incorporación efectiva de tecnoloxía, entre outros.

A porcentaxe da axuda poderá acadar o 75% da retribución bruta do período subvencionable, cun límite de ata 16.000 euros, e cada entidade poderá optar a un máximo de cinco contratos incentivados, cunha duración dun ano cada un. O prazo de presentación de solicitudes polas empresas solicitantes estará aberto durante dous meses desde o día seguinte ao da publicación das bases no Diario Oficial de Galicia (DOG).

A iniciativa enmárcase na nova Axenda 4.0, para cuxo desenvolvemento a Xunta destinará 350 millóns de euros entre 2019 e 2022 e que ten como principais obxectivos anticiparse aos cambios do novo modelo, aumentar o tamaño das empresas, favorecer a aposta polo talento dixital e contribuír á reinvencción do tecido industrial galego e á súa especialización

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

desde o punto de vista tecnolóxico, retos todos eles que se poderán lograr a través do novo programa.

De feito, Profesionais 4.0 súmase a distintas iniciativas impulsadas pola Administración autonómica para favorecer a retención de talento na Comunidade e o desenvolvemento da carreira profesional da xente moza, ao tempo que se estimula a súa incorporación ao tecido empresarial, mellorando así a súa competitividade. Entre estas iniciativas destaca o Principia; a través da súa cuarta convocatoria, a Axencia Galega de Innovación (Gain) apoia a contratación de 110 persoas mozas cualificadas de ata 35 anos de idade para a realización de actividades de I+D+i en 77 empresas e organismos de investigación de Galicia.

EDUCACIÓN RENOVA A SÚA COLABORACIÓN COA ONCE PARA A ATENCIÓN ESPECIALIZADA A 366 ALUMNOS CON DISCAPACIDADE VISUAL

- *A Consellería destinará a esta medida de atención á diversidade máis de 230.000 euros durante o vindeiro curso*

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional renovará a súa colaboración coa Organización Nacional de Cegos Españóis (ONCE) para prestar atención especializada, inicialmente, a 366 alumnas e alumnos con discapacidade visual en centros educativos de toda Galicia. O Consello da Xunta deulle hoxe o visto e prace á sinatura da addenda ao convenio asinado por ambas as entidades en 2013, o que fai posible que 6 profesores do corpo de mestres desenvolvan as súas tarefas profesionais nos equipos específicos da ONCE, prestando apoio ao alumnado cego ou con discapacidade visual, tanto en educación primaria e 1º e 2º da ESO, como en centros e unidades de educación especial. A Consellería destina a este convenio un total de 230.227,85 euros para o curso 2019/20.

Ao abeiro deste acordo facilítase o acceso do alumnado con discapacidade visual escolarizado en centros ordinarios aos recursos tecnolóxicos e á transcrición e gravación a braille dos libros de textos e dos materiais curriculares. Deste xeito, favorécese a súa inclusión educativa, á par que unha atención especializada e axeitada ás súas necesidades.

En concreto, o convenio permite establecer un marco de colaboración para a atención educativa do alumnado con cegueira ou deficiencia visual grave, así como das súas familias e dos centros educativos a que asistan; promover a coordinación dos servizos educativos e dos complementarios, organizando e facendo rendibles os recursos das diferentes institucións, e facilitar a conformación de equipos específicos para a atención educativa a este alumnado.

Neste sentido, o obxectivo do convenio é a unión de forzas para cumprir o compromiso fixado pola Consellería a partir da publicación do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia. Neste caso, xúntanse os recursos materiais da ONCE ao capital humano do profesorado que cede a Consellería neste acordo.

EDUCACIÓN DESTINA 4,5 M€ Á MELLORA DE INFRAESTRUTURAS E AO IMPULSO DE PROXECTOS CIENTÍFICO-TÉCNICOS NA USC

- *A Consellería asinará un novo convenio coa Universidade de Santiago de Compostela en materia de I+D+i co fin de intensificar a actividade e produción investigadora dos seus campus universitarios*
- *As actuacións céntranse no mantemento e renovación de infraestruturas, no apoio de accións dos centros singulares de investigación, no fortalecemento da I+D en Matemáticas, no impulso investigador nas ciencias sociais e humanidades e en accións estratéxicas para os graos de Biotecnoloxía e Robótica, entre outros*

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional destinará un total de 4.510.771 euros á Universidade de Santiago de Compostela (USC) para que leve a cabo medidas de I+D+i que abranguen a mellora de infraestruturas, a intensificación da actividade investigadora e o aumento da produtividade científica. O Consello da Xunta autorizou hoxe o convenio de colaboración entre a Consellería e a USC para os exercicios 2019 e 2020.

As actuacións que se realizarán ao abeiro deste acordo atinxen ao mantemento e renovación de infraestruturas científico-técnicas, accións singulares en centros de investigación, fortalecemento da I+D en matemáticas, impulso da investigación en ciencias sociais e humanidades, e accións estratéxicas no Campus da Cidadanía (Santiago) e no Campus de Lugo, e no grao de Biotecnoloxía, entre outros.

Mantemento e renovación de infraestruturas científico-técnicas

Do montante global dos 4,5 millóns de euros, a partida máis importante -case 2,7 millóns- destínase ao mantemento e renovación de infraestruturas científico-técnicas da Rede RIAIDT de uso común e para os centros singulares de Investigación da USC.

A través deste convenio, no CIMUS (Centro Singular de Investigación en Medicina Molecular e Enfermidades Crónicas) financiarase a adquisición dun Cell Sorter que permitirá a posta en marcha dun proxecto común deste centro con outros investigadores de Francia e Alemaña (os tres grupos de investigación deberán empregar o mesmo Cell Sorter para que os resultados obtidos sexan homologables), así como o reforzo dos laboratorios de cultivos e a renovación doutros equipamentos (cabinas de fluxo, incubadores de CO₂, centrifugadores, microscopios,...).

No CIQUS (Centro Singular de Investigación en Química Biolóxica e Materiais Moleculares), a inxección orzamentaria do Goberno galego permitirá o mantemento de material especializado, a adaptación de espazos e a mellora das condicións de seguridade, entre outros.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

No CITIUS (Centro Singular de Investigación en Tecnoloxías Intelixentes) poderase adquirir un clúster de computación de altas prestacións para a experimentación a nivel de configuración hardware que permitirá levar a cabo diferentes proxectos de I+D; e no IGFAE (Instituto Galego de Física de Altas Enerxías) o apoio permitirá a posta en marcha dun novo programa de investigación en ondas gravitacionais e participar na colaboración científica internacional neste ámbito.

Accións estratéxicas nos campus da Cidadanía e de Lugo

A segunda contía máis destacada -que suma 634.000 euros- destínase ás accións previstas en tres eixos estratéxicos que atinxen aos Campus da Cidadanía (Santiago) e de Lugo. En concreto, no Campus de Lugo apoiarase a dotación dos laboratorios do Grao de Robótica, e a implantación de modelos de simulación veterinaria, entre outros.

Pola súa banda, no campus de Santiago reforzarase a dotación do laboratorio do Grao de Biotecnoloxía, o acondicionamento de servizos á comunidade universitaria e a identificación de retos/oportunidades no Campus da Cidadanía.

Centros singulares de investigación

A maiores das contías que estes centros reciben a primeira epígrafe de mantemento e renovación de infraestruturas científico-técnicas, o convenio prevé outros 528.000 euros que se destinarán directamente a estes centros para o reforzo dos seus programas científicos principalmente.

Accións transversais

Outras accións específicas que financiará a Consellería de Educación están relacionadas coa posta en marcha de accións transversais de apoio á I+D (230.000 euros para congresos, reunións científicas, feiras internacionais e apoio a BUGALICIA); o impulso da investigación en ciencias sociais e humanidades (180.000 euros para reforzar a investigación, o posicionamento e visibilidade, a proxección científica e internacional e o proxecto GEOPARD do departamento de Xeografía); o programa do complexo do Edificio Fontán (85.000 euros); e o fortalecemento institucional da I+D en matemáticas (70.000 euros para apoio ao ITMATI e a definición estratéxica do Centro en matemáticas).

A XUNTA IMPULSA O ESTUDO DA LINGUA GALEGA EN UNIVERSIDADES ALEMÁS CUNHA ACHEGA DE PRETO DE 140.000 EUROS

- *Ao abeiro de dous convenios de colaboración coas universidades de Heidelberg e Kiel, ofertaranse diversas materias en galego para os alumnos ata o 2022*
- *Na actualidade o galego é obxecto de estudo en 35 universidades internacionais*

A Consellería de Cultura e Turismo renovará a súa colaboración coas universidades de Heidelberg e Kiel (Alemaña) para promocionar a lingua, literatura e cultura galegas no ámbito académico destes centros, así como na súa área de influencia a través de senllos convenios que se estenderán ata o 2022 e que suman un investimento de preto de 140.000 euros.

En virtude deste acordo, no caso da Universidade de Heidelberg, ofertarase, para todos os ciclos de grao e mestrado da Facultade de Filoloxías Modernas, cursos de Lingua galega I e Lingua galega II, de Cultura galega e de Lingüística teórica, descritiva e aplicada do galego. A achega da Consellería de Cultura e Turismo para esta universidade é de 75.000 euros ata o 30 de setembro de 2022.

No que respecta á Universidade de Kiel, a actividade docente traducirase na oferta, a través do Departamento de Linguas e Literaturas Románicas, de Lingua galega I e II para todos os ciclos, do módulo de Estudos Interculturais ou do módulo elemental de Literatura ou Lingüística galegas para o primeiro ciclo. Con respecto aos alumnos de segundo ciclo, na titulación de Filoloxía Hispánica e Portuguesa, poderán adquirir a especialización en Estudos Galegos aqueles que superen os módulos mencionados anteriormente e o de Lingua galega, Literatura ou Lingüística galega e o módulo de Estudos interculturais ou de prácticas e proxectos. Por último, os alumnos máis avanzados poderán realizar unha tesina en Lingüística ou Literatura galegas. O convenio con esta universidade estipula unha achega de 64.000 euros ata o 30 de setembro de 2022.

A maiores destas materias, as dúas universidades organizarán actividades relacionadas coa investigación, a promoción e a difusión da lingua, da literatura e da cultura galegas tales como cursos, conferencias, seminarios, congresos etc. Ademais, durante a vixencia de cada un dos convenios, acollerán o lector de lingua, literatura e cultura galegas que destinará a Xunta de Galicia, e adquirirán o material preciso para realizar as ditas accións.

Ademais da achega económica, a Consellería de Cultura e Turismo prestará a orientación e o apoio pedagóxico e didáctico que demanden as universidades e difundirá as actividades desenvolvidas ao abeiro deste acordo. Cómpre destacar que, dentro

destas universidades, o Centro de Estudos Galegos será o órgano de referencia en todas aquelas actividades que se desenvolvan en aplicación do convenio.

A lingua galega, presente en 35 universidades

Na actualidade, o galego é obxecto de estudo en 35 universidades internacionais. Dentro delas, 27 contan con lectores –licenciados en Filoloxía Galega–, asentados en departamentos coñecidos como Centro de Estudos Galegos, que imparten materias de Lingua Galega adaptadas ás necesidades do alumnado de cada universidade (gramática histórica, cursos de conversa, cursos de lingua e civilización etc.). Así mesmo, numerosas actividades relacionadas coa lingua galega e, en xeral, co patrimonio de Galicia complementan os programas formativos.

Os Centros de Estudos Galegos nacen a través de convenios de colaboración subscritos con universidades interesadas en incluír nos seus plans de estudo a lingua, a literatura e a cultura galegas. Trátase de órganos de referencia destas institucións educativas a través dos cales se canalizan as actividades promotoras da nosa lingua non só neste ámbito académico, senón tamén na súa área de influencia.

Por tanto, a posibilidade de estudar a lingua e a cultura de Galicia en universidades fóra da Comunidade é unha realidade consolidada que leva contribuíndo de maneira fundamental á difusión do galego, á investigación lingüística desde perspectivas moi diversas e tamén ao prestixio da lingua entre os seus propios falantes.

NACE 'GALICIA, APOSTANDO POLA CALIDADE', QUE PERMITIRÁ IMPLANTAR A Q DE CALIDADE TURÍSTICA NO CAMIÑO DE SANTIAGO E EN ESPAZOS PÚBLICOS SINGULARES PARA MELLORAR A EXCELENCIA NA ATENCIÓN

- *O Consello da Xunta autoriza un convenio co Instituto para a Calidade Turística Española para crear as 'Rutas Q' e reforzar a implementación deste certificado na Ruta Xacobeá e en itinerarios vitivinícolas amparados pola denominación de orixe*
- *Por primeira vez poderán acadar este distintivo os albergues do Camiño e prazas, xardíns ou monumentos de interese, entre outros*
- *Con vistas ao Xacobeo 21 avánzase en seguir profesionalizando a oferta e mellorar o nivel de cualificación dos profesionais*

O Consello da Xunta vén de autorizar a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e o Instituto para a Calidade Turística Española (ICTE) para desenvolver o proxecto pioneiro en España *Galicia, apostando pola calidade*. Trátase dunha iniciativa coa que a Comunidade galega á un paso máis na preparación do próximo Xacobeo 21 e que impulsará a excelencia dos servizos ofrecidos aos turistas en dous itinerarios de interese crecente: o Camiño de Santiago e as rutas vitivinícolas, para que os espazos públicos singulares ou albergues destas contornas accedan a partir de agora ao certificado Q de Calidade Turística.

Ao abeiro deste acordo, que se enmarca nos retos establecidos no Plan estratéxico do Xacobeo para construír unha comunidade máis competitiva, innovadora e preparada, a Xunta investirá 250.000 euros nos anos 2019 e 2020 para facilitar o traballo de ICTE, que se encargará de deseñar e implementar os estándares e especificacións de calidade para organizacións e xestores turísticos nos Camiños de Santiago e nas rutas vitivinícolas propostas neste proxecto piloto (incluídas baixo a denominación de *Rutas Q*) e tamén se encargará do deseño e promoción da campaña *Galicia, apostando pola calidade* para promover esta iniciativa.

O proxecto inclúe que o ICTE realice o deseño de estándares e especificacións de calidade nestas *Rutas Q* identificando os grupos de interese e conformando grupos de traballo. A seguinte fase será a identificación dos sectores turísticos con poucas ou ningunha certificación Q na contorna do Camiño de Santiago e nas rutas vitivinícolas propostas, a selección de organizacións beneficiarias e a implementación das ferramentas de xeito piloto en 30 albergues, 10 entidades locais que xestionen espazos públicos singulares e 50 servizos turísticos de xestión pública (oficinas de información, praias, museos...).

Galicia, apostando pola calidade focalizarase en conseguir esta certificación nas *Rutas Q* en distintos sectores turísticos e, no caso de espazos públicos singulares, traballarase en lugares como prazas, xardíns, monumentos de especial interese ou conmemorativos,

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

entre outros, situados no Camiño de Santiago e nas rutas vitivinícolas, onde tamén se actuará sobre as adegas. De xeito piloto, este proxecto implantarase no Camiño Portugués e na Ruta do Mar de Arousa e Río Ulla e, no caso das rutas vitivinícolas, actuarase na das Rías Baixas e da Ribeira Sacra.

Este novo proxecto permitirá que Galicia continúe avanzando de cara ao Xacobeo 2021 no seu obxectivo de profesionalización da oferta turística, mellorar o nivel de cualificación dos profesionais e crear conciencia da importancia da excelencia na prestación de servizos, especialmente en dous dos recursos que máis interese están a suscitar entre os viaxeiros.

A Comunidade galega consolídase como unha das que máis aposta por este tipo de certificacións. En 2018 pechou con 282 Q de Calidade Turística, o maior número de distincións acadados por Galicia, e situouse como a segunda rexión neste tipo de recoñecementos e a primeira da España Verde. Liderasectores como o turismo activo, os portos deportivos, os aloxamentos rurais ou o turismo industrial, no que se inclúen as adegas.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A APROBACIÓN DEFINITIVA DO PROXECTO SECTORIAL DE INCIDENCIA MUNICIPAL DO HOSPITAL GRAN MONTECELO DE PONTEVEDRA

- ***A nova infraestrutura sanitaria garantirá a prestación e a asistencia sanitaria a unha poboación de máis de 308.000 habitantes***

O Consello da Xunta vén de autorizar a aprobación definitiva do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal para a ampliación do hospital Gran Montecelo, en Pontevedra. Esta aprobación é o paso previo á finalización da tramitación do expediente de expropiación e, posteriormente, á licitación das obras do Hospital Gran Montecelo.

O proxecto de ampliación do Gran Montecelo conta cun investimento estimado de 140 millóns de euros. Aumentará a súa superficie, conseguindo unha parcela no complexo de 9,6 hectáreas, dende as 2,5 actuais. A edificación proxectada é de 118.300 metros cadrados.

Co Gran Montecelo, os pontevedreses disporán dun hospital público máis amplo, máis humano e con capacidade para atender as necesidades asistenciais dos vindeiros 50 anos. A análise demográfica realizada para coñecer as necesidades da área ten en conta tanto a poboación da área do Complexo Hospitalario Universitario de Pontevedra (CHOP) como a pertencente ao Hospital do Salnés, que suman un total de 308.609 persoas (datos referidos ao ano 2016). En concreto, a poboación de referencia do CHOP sería de 233.553 persoas e afectaría 20 concellos.

Con esta aprobación definitiva culmínase o procedemento iniciado o pasado 7 de xuño, cando o Consello da Xunta aprobou a declaración de incidencia supramunicipal do proxecto sectorial para a ampliación de Montecelo. Tras este inicio, o Servizo Galego de Saúde solicitou o estudo de avaliación ambiental, para o que se remitiu toda a documentación pertinente á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático (DXCACC), dependente da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio. Logo dos trámites necesarios de información e consultas, obtívose a declaración ambiental estratéxica emitida por parte da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático (DXCACC), e realizouse a proposta definitiva do proxecto sectorial, hoxe aprobado definitivamente.

O proxecto sectorial de incidencia supramunicipal do Gran Montecelo trátase dun instrumento que permite regular a ampliación, mellora e modernización desta infraestrutura sanitaria. Así, a función do proxecto sectorial é regular e habilitar a superficie necesaria para a ampliación desta infraestrutura sanitaria. Asemade, establece o índice de edificabilidade, así como a relación desta nova construción coa súa contorna.

A XUNTA DE GALICIA DESTINA 5,6 MILLÓNS DE EUROS A PROGRAMAS DE EMERXENCIA E INCLUSIÓN SOCIAL DE ENTIDADES LOCAIS

- *Amplíase o período para levar a cabo as iniciativas subvencionadas de 16 a 20 meses*
- *Inclúese un plan específico para a atención das persoas sen fogar*

O Consello da Xunta autorizou hoxe un investimento de 5,6 millóns de euros para o financiamento de programas de emerxencia social e plans destinados á inclusión da poboación xitana, inmigrante ou en risco de exclusión. Esta orde de axudas está dirixida ás entidades locais, que poderán executar este tipo de actuacións co apoio económico do Goberno galego.

Esta liña de axudas conta nesta convocatoria con dúas novidades importantes: amplíase o período para levar a cabo os programas subvencionados de 16 a 22 meses, para que as entidades que os impulsan conten con máis seguridade e máis continuidade e, por primeira vez, inclúese un programa específico para a atención das persoas sen fogar.

As actividades subvencionadas poderán realizarse entre este mes de novembro, cando vence a orde anterior, e xuño de 2021. Serán financiadas aquelas accións coas que se adquira formación básica ou laboral adaptada ás necesidades dos destinatarios; as que realicen actuacións de mediación intercultural ou de carácter residencial; programas de educación e apoio familiar; e aquelas que invistan en melloras en centros de inclusión e emerxencia social, desde a súa construción e adquisición de mobiliario e equipamento ata a prestación dos servizos propios do centro.

Do orzamento total desta liña de axudas, 1,7 millóns de euros están destinados á inclusión social das persoas en situación ou risco de exclusión, 1,6 millóns euros a programas de educación e apoio familiar para a inclusión social dos menores, 811.000 á inclusión da comunidade xitana, 810.000 euros a programas dirixidos a persoas sen fogar e 661.000 euros á inclusión da poboación inmigrante.

Este programa ten unha grande acollida por parte dos concellos, xa que en todas as convocatorias se financiaron o 100% dos proxectos presentados. Ademais, desde a primeira vez que se convocaron as axudas de inclusión de xeito conxunto, no ano 2013, o orzamento que se destina triplicouse. O ano pasado o número de concellos beneficiarios pasou de 46 a 51 e a cifra de programas financiados aumentou en 90 ata acadar os 164.

A XUNTA INVISTE MÁIS DE 700.000 EUROS PARA REFORZAR A DIMENSIÓN INTERNACIONAL, TURÍSTICA E TERRITORIAL DO VIÑO GALEGO

- *O Consello da Xunta autorizou esta mañá a sinatura dun convenio de colaboración entre varios departamentos do Goberno galego e a Fundación Juana de Vega para elaborar unha estratexia de dinamización económica, territorial e turística das comarcas vitivinícolas de Galicia*
- *O obxectivo desta estratexia, que conta cun orzamento de 388.000 euros, é consolidar a competitividade dos territorios relacionados co viño e incrementar a rendibilidade da actividade turística, reflectindo unha simbiose perfecta entre patrimonio, gastronomía, cultura e tradición*
- *O orzamento desta iniciativa vén reforzado con outros 360.000 euros do Plan de internacionalización para o viño e os licores de Galicia que impulsa o Igage*

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a sinatura do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) e a Axencia Galega da Calidade Alimentaria (Agacal) coa Axencia Turismo de Galicia, co Instituto Galego de Promoción Económica e coa Fundación Juana de Vega, para a elaboración da Estratexia de dinamización económica, territorial e turística das comarcas vitivinícolas de Galicia. Para levar a cabo as accións previstas nesta estratexia, o convenio contará cun orzamento superior aos 388.000 euros, que se reforzará con outros 360.000 euros do Plan de internacionalización para o viño e os licores de Galicia que impulsa o Igage.

O obxectivo deste convenio é deseñar a Estratexia de dinamización económica, territorial e turística conxunta nas cinco denominacións de orixe vitivinícolas de Galicia (Rías Baixas, Ribeiro, Valdeorras, Ribeira Sacra e Monterrei) e as catro indicacións xeográficas protexidas (Val do Miño, Betanzos, Barbanza e Iria, Ribeira do Morrazo), co obxectivo de lograr un desenvolvemento territorial integrado, coordinado e consensuado que conte coa participación de todos os axentes clave do territorio. A estratexia persegue mellorar o posicionamento dos viños galegos no seu conxunto, reforzar a súa imaxe de marca e identidade vinculada aos diversos territorios en que se producen, mellorar a eficacia da promoción e comercialización en conxunto de produtos turísticos vinculados ao sector vitivinícola e, sobre todo, o desenvolvemento de produtos turísticos dirixidos a segmentos xeradores de valor engadido nos espazos rurais que, pola súa vez, redunde nun fortalecemento das economías locais.

Desta forma, a estratexia servirá para fixar os obxectivos e as accións que se desenvolverán nos territorios do ámbito das denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas nun sentido amplo, co fin de mellorar a coordinación público-privada para acadar ese desenvolvemento territorial. Deste xeito, atenderanse as particularidades específicas de cada denominación de orixe e indicación xeográfica

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

protexida, tanto no eido produtivo coma no industrial, de comercialización e mesmo territorial, reforzando a súa relación co sector turístico e o aproveitamento dos recursos do seu patrimonio cultural e paisaxístico.

Así, no convenio participan as consellerías do Medio Rural (a través da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e da Axencia Galega da Calidade Alimentaria), de Economía, Emprego e Industria (a través do Instituto Galego de Promoción Económica) e de Cultura e Turismo (a través da Axencia de Turismo de Galicia) e a Fundación Juana de Vega, abarcando deste xeito todos os ámbitos socioeconómicos do territorio das cinco denominacións de orixe e das catro indicacións xeográficas protexidas. En definitiva, trátase dun aliñamento de todos os axentes implicados en favor dun sector tan transcendente para Galicia como é o do viño.

Folla de ruta

A Estratexia de dinamización pretende ser tamén a folla de ruta da actividade turística destas zonas enolóxicas, dado o seu carácter transversal e estratéxico. Así, no marco desta iniciativa atenderanse novos obxectivos máis alá da comercialización do viño, como pode ser a atención aos cambios no comportamento do turista enogastronómico, a aparición de novos mercados emisores, a especialización e diferenciación de produtos turísticos ou a colaboración público-privada na xestión do destino.

Para iso, a Comisión de Seguimento que se creará no marco deste convenio traballará na elaboración de indicadores socioeconómicos (dende os demográficos ata os relacionados co emprego ou co valor engadido), na realización dun estudo da cadea de valor do viño e do sector turístico e na preparación dunha análise pormenorizada do patrimonio natural, cultural e paisaxístico.

A finalidade desta estratexia é consolidar a competitividade dos territorios relacionados co viño e incrementar a rendibilidade da actividade turística, reflectindo así unha simbiose perfecta entre patrimonio, gastronomía, cultura e tradición.

Cómpre destacar que esta iniciativa se aliña coa Estratexia Galicia Sabe, que permite establecer prioridades e planificar a actividade do turismo enogastronómica nos vindeiros catro anos. O obxectivo é impulsar un modelo de desenvolvemento sustentable e responsable a través do recoñecemento e protección á cultura gastronómica de Galicia, a estimulación do coñecemento e a formación e o I+D+i, entre outras liñas.

O PROGRAMA GALEGO DE DETECCIÓN PRECOZ DO CANCRO COLORRECTAL CHEGA XA AO 99,1% DA POBOACIÓN

- *Está previsto que no vindeiro mes de setembro alcance a implantación total, adiantándose cinco anos ao prazo proposto polo Ministerio*
- *A detección precoz mediante o test de sangue oculto en feces, ademais de reducir a incidencia do tumor nun 36%, pode diminuír a mortalidade entre un 30% e un 35%*
- *En total, nestes anos de programa enviáronse 756.084 invitacións a máis de 610.000 persoas*
- *Dende o inicio do Programa realizáronse 21.567 colonoscopias a 18.458 persoas*

O conselleiro de Sanidade informou o Consello da Xunta dos resultados da evolución do Programa galego de detección precoz do cancro colorrectal posto en marcha en marzo de 2013. A día 1 de xuño, este programa chegaba xa ao 99,1% da poboación e está previsto que no vindeiro mes de setembro alcance a implantación total, cando todas as áreas sanitarias terán completada unha primeira rolda de cribado de dous anos de duración, tal e como marca o programa. Deste xeito, Galicia vaise adiantar cinco anos ao obxectivo marcado polo Ministerio de Sanidade, que prevé unha cobertura total en 2024.

Este tipo de cancro non produce síntomas ata que xa está moi avanzado, polo que a maior parte se diagnostica en estadios avanzados, o que afecta a supervivencia dos pacientes. Así, a supervivencia é do 75-90% aos cinco anos, se o cancro é detectado en fases iniciais, nos estadios I e II, e do 15% cando o cancro é detectado en fases máis avanzadas.

A detección precoz mediante o test de sangue oculto en feces, ademais de reducir a incidencia do tumor nun 36 % -xa que poden eliminarse lesións en fases iniciais-, pode diminuír a mortalidade entre un 30% e un 35%.

Dende a implantación do programa e ata decembro de 2018 enviáronse 756.084 invitacións a máis de 610.000 persoas, xa que algunha recibiu máis dunha invitación, dependendo da súa rolda de participación. A participación media na entrega do test foi do 43,5%, sendo maior entre as mulleres (46,7%) que nos homes (39,9%). En canto ás persoas que xa participaron algunha vez, volven facelo un 92,3%.

No período que vai dende o inicio do programa e ata decembro de 2018, realizáronse 21.567 colonoscopias a 18.458 persoas, detectáronse 991 persoas con cancros (3,23%), 3.220 con adenomas de alto risco (10,50%), 4.627 con adenomas de risco medio (15,09%) e 4.098 con adenomas de baixo risco (13,37%). As taxas de lesións foron sempre máis altas nos homes, destacando a taxa de cancros invasivos (máis do

dobre en homes cun 4,91% respecto do 1,91% en mulleres) e a taxa de adenomas de alto risco (preto do cuádruplo en homes cun 17,70% respecto do 4,84% en mulleres).

Características do programa galego

A Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade puxo en marcha neste programa en maio de 2013, comezando cun programa piloto na EOXI de Ferrol, que é a día de hoxe a que presenta un maior grao de participación. A poboación obxectivo a que está dirixido o programa son homes e mulleres entre 50 e 69 anos, tal e como marcan as directrices do Ministerio de Sanidade. A proba básica de cribado é unha análise de sangue oculto en feces, cunha periodicidade de dous anos.

A poboación obxectivo recibe no seu domicilio un folleto explicativo, unha carta cunha invitación nominal e unha tarxeta de aceptación (con franqueo pagado) que pode devolver depositándoa en correos ou aceptando de forma telemática na páxina [web do Programa](#). Seguidamente, envíaselle o material necesario para a toma da mostra que pode depositar en calquera centro de saúde, dende onde se remite ao laboratorio de referencia.

As persoas con resultado negativo recibirán unha carta co resultado de normalidade, ou un SMS se están dadas de alta en E-Saúde, e en dous anos de novo o material de recollida da mostra. As persoas con resultado positivo son citadas na consulta de atención primaria para explicarlles o significado deste resultado e a necesidade de realizar unha colonoscopia. A colonoscopia de cribado é diagnóstica e tamén terapéutica xa que se trata de visualizar e extirpar todas as lesións detectadas.

Unha vez realizada a colonoscopia e extirpadas, de ser o caso, as lesións suxestivas de malignidade, o Programa realiza unha avaliación individual do risco segundo o resultado da anatomía patolóxica e establece o seguimento adecuado para cada persoa.

Tumor máis frecuente na poboación

O cancro colorrectal é o tumor maligno máis frecuente na poboación. Nas mulleres é o segundo en incidencia por detrás do cancro de mama e nos homes é o segundo tras o cancro de próstata. En relación coa mortalidade, é a segunda causa de morte por cancro tanto en homes como en mulleres e constitúe a quinta causa de mortalidade en Galicia.

A XUNTA INVESTIRÁ MÁIS DE 73 MILLÓNS DE EUROS NOS PRÓXIMOS CINCO ANOS PARA DESENVOLVER UN CENTENAR DE MEDIDAS DE APOIO ÁS PERSOAS SEN FOGAR

- *As actuacións previstas teñen incidencia nos eidos dos recursos de atención, a prevención, a sensibilización, a educación, a igualdade entre homes e mulleres, a vivenda e a atención sanitaria*
- *O plan é o resultado do traballo conxunto coas entidades sociais e cos concellos*

A Xunta destinará máis de 73 millóns de euros nos próximos cinco anos a desenvolver o centenar de medidas que recolle o Plan de atención a persoas sen fogar, o primeiro destas características que se pon en marcha en Galicia. O Consello da Xunta de hoxe deu o visto e praxe ao texto definitivo do documento, unha vez incorporadas melloras ás liñas estratéxicas que o Goberno galego aprobou inicialmente o pasado mes de abril e que son resultado das achegas feitas polas entidades sociais e polos concellos.

As accións concretas que recolle o documento estrutúranse en diferentes ámbitos nos que teñen incidencia: os recursos de atención, a prevención, a sensibilización, a educación, a igualdade, a vivenda e a atención sanitaria. Todas elas son intervencións de carácter transversal deseñadas a partir do estudo elaborado o ano pasado co apoio da Cruz Vermella, e que incluía as conclusións de distintos encontros, paneis de persoas expertas e a realización de máis de 200 entrevistas a persoas sen fogar. Tamén se tiveron en conta as achegas feitas polas demais entidades sociais, profesionais e técnicos municipais no seminario sobre a materia organizado o pasado mes de maio.

Así mesmo, na formulación do plan seguíronse as recomendacións da Unión Europea nesta materia, así como as liñas principais da Estratexia nacional de atención ás persoas sen fogar 2015-2020. Deste xeito, trátase dun plan centrado nas persoas e con orientación á vivenda, en que se promove o acceso a diferentes modalidades de recursos residenciais con distintas intensidades de acompañamento social.

Máis recursos

Unha das accións máis relevantes desenvolverase no eido dos recursos de atención para as persoas que requiren dunha actuación máis urxente, xa que se multiplicarán por catro o número de prazas en centros de inclusión, que pasarán das 18 actuais a un mínimo de 70 no ano 2023, en que se culminará a aplicación do plan. Así mesmo, no ámbito da prevención, prevese a ampliación do proxecto Nelson Mandela ao cárcere da Lama e o impulso de programas de intermediación inmobiliaria, co fin de reducir as barreiras que atopan as persoas con rendas moi baixas cando queren alugar unha vivenda.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

No que atinxe á sensibilización e á educación, crearase un sitio web que traslade á sociedade galega información sobre a situación das persoas sen fogar e contribúa a reducir a discriminación, entre outras medidas. Tamén se poñerán en práctica accións para concienciar e aumentar o coñecemento da situación das persoas sen fogar entre a poboación escolar.

Ademais, no campo da igualdade entre homes e mulleres, elaborárase un estudo sobre a situación específica das mulleres sen fogar e poñerase en marcha un proxecto de acompañamento social dirixido a elas.

Novidades en vivenda e atención sanitaria

As intervencións fronte ao “senfogarismo” que recolle o plan céntranse tamén en dous aspectos que son prioritarios para mellorar a calidade de vida destas persoas: o acceso á vivenda e a atención sanitaria. Así, prevése a posta á disposición de 100 vivendas para o aloxamento de persoas sen fogar, que sirvan como punto de partida para o seu acompañamento social. Deste xeito, o plan combina a mellora dos centros e recursos xa existentes coa aposta por metodoloxías innovadoras como o *housing first*, coa que se procura que a persoa conte cun fogar como paso previo a iniciar a súa reinserción social e non despois para completala.

Tamén se procurará que as persoas que accedan ao mercado laboral a partir da Risga conten cunha vivenda para facilitar a súa inserción deseñárase un plan de rehabilitación de vivendas de mestres, edificios e casas de titularidade municipal que estean en desuso e que poidan ser destinadas ás persoas sen teito.

Por último, no eido da atención sanitaria aplicaranse tres importantes medidas. A primeira, establecer vías de preferencia na atención ás persoas sen fogar con enfermidade mental; a segunda, impulsar proxectos de acción comunitaria para a prevención e vixilancia da saúde das persoas sen fogar, e promover que todas aquelas persoas nesta situación que estean empadroadas en Galicia dispoñan de tarxeta sanitaria.